

A pesca

**Auga, auga
por todas partes**

WATER, WATER EVERYWHERE



St. Michaels / Reino Unido / Primary School nº53. / Polonia / St. Brigids / Reino Unido / Grundschule Fehrbellin. / Alemania / CEIP Pio XII. / Galicia
CEIP PIO XII. SANTIAGO. GALICIA. ALUMNADO DE 3º E 4º DE EP

Dependendo de onde se pesca a pesca pode ser de altura que se realiza no mar alonxado da costa e pesca de baixura preto da costa, nos ríos, rías, praias e portos.

Entre os tipos de pesca con rede destacamos

Curricán

Moitas liñas con único anzo (atún, bonito)

Palangre

Está formado por unha sedala e un ou varios anzois.

Pescase bertorella, mero, congro, dourada, etc..

Pesca de arrastre

Consiste nunha rede a xeito de bolsa que se arrastra polo fondo do mar recollendo ao seu paso as especies que atopa.

Con este método captúranse os peixes que viven no fondo do mar coma a pescada, o polbo, a gamba, etc...

Pesca de cerco.

Consiste nunha gran rede suxeita por dous cables, o da parte superior que leva flotadores e o do fondo con lastre de chumbo.

Con este sistema intercéptase o paso dos peixes, pechando a rede e izándoa cara arriba.


Captúranse os peixes de superficie que forman grandes bancos: arenques, xurelos, anchoas, etc..

Redes fixas




É un método tradicional. Consiste en colocar unha rede fixa que conduce aos bancos de peixes desde esta á rede onde son atrapados.

Con este método captúranse peixes que acostuman nadar formando bancos coma os atúns, bonitos, sardiñas...

A pesca é unha técnica que serve para capturar peixes e marisco para o consumo humano.




O arrastre, a parella, o bou, a rapeta... son algunhas das artes de pesca empregadas polos mariñeiros en Galicia.




A rapeta é unha arte de pesca utilizada en Galicia para pescar marisco.



Na Garda, ao sur da provincia de Pontevedra, os pescadores aínda empregan estas barcas especiais chamadas gamelas. Son moi fondas para resistir temporais



En Galicia cultivanse os melleares mexilóns do mundo. Faíse en bateas espalladas polas rías. Son de madeira e delas penden unhas cordas no mar onde se crían os mexilóns.



Marisqueo a pé
É o que se exerce nas praias e nas rochas. Péscase ameixa, percebes, berberechos, mexilón, navallas, etc

